



Pablo Carpintero: Así que das que había antes aquí non se acordan?

José Lista: Se me acordaran de primeiro podía tocar...

P.C.: De quen aprendían? Dos outros gaiteiros de aquí?

José Lista: Os únicos gaiteiros que había aquí somos eu máis este, oh. Desde cando eu me acordo.

Evaristo Vázquez: ...

J.L.: Ás veces nunha peza aínda metíamos unha ou dúas polo medio, bueno carallo.

P.C.: Así que cando vostedes eran novos non había máis gaiteiros por aquí?

E.V.: Uí, había.

J.L.: Pero xa eran vellos. Vinte anos atrás e pararon todos. Porque por aquela época que foi polo cincuenta e tantos... De 50 ao 70 non se tocou nada, casi. Bueno, en especial... Ao 65, o 64 ao 74... Aí empezou outra vez, pero claro, as pezas... olvidadas. Acorda unha coma a de Arabexo... Acorda.

P.C.: Que dis da de Arabexo? É o nome?

J.L.: A de Arabexo é moi bonita.

(Tocan)

J.L.: Esta gustame moito. E sentina eu en Santiago así que por alí anda.

P.C.: E por aquí xa non queda ningún gaiteiro máis? Solo son vostedes dous os que tocan?

J.L.: Os máis vellos, si.